

PROGRAMACIÓN AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

***MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN DE CARA AO TERCEIRO TRIMESTRE DEBIDO Á SITUACIÓN DE PANDEMIA (ABRIL - XUÑO 2020)**

CURSO 2019-20

CEIP FONTES-BAÍÑA (BAIONA)

Índice

1. *Obxectivos.*
2. *Contidos.*
3. *Actuacións a desenvolver.*
4. *Organización dos apoios.*
5. *Modalidades de apoios.*
6. *Metodoloxía.*
7. *Actividades.*
8. *Avaliación.*
9. *Características do alumnado con necesidades de apoios.*

Aula de Apoio (Pedagogía Terapéutica)

Esta programación está destinada a mellorar a calidade do ensino do A.C.N.E.A.E, segundo a LOMCE, “aqueles que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar”; e por conseguinte pretende ofrecer tamén as medidas, actuacións, recursos e programas encamiñados a atender aos ACNEE, e está deseñada para implementarse na aula de apoio do CEIP Fontes-Baíña.

Dentro do Plan de Atención a Diversidade a aula de apoio organiza, diseña e pon en práctica estratexias de apoio ao alumnado que teñen neae, ou nee, e empregará este documento como guía para que, en coordinación e elaboración co DO (especialmente o orientador e a mestra de AL), e o profesorado do centro poida actuar con eficacia ante a diversidade deste centro.

No curso 2019/2020 a aula de apoio contará co profesorado seguinte:

Dona María Lourdes Fernández Ruiz, mestra de educación especial especialista en Pedagogía Terapéutica a tempo completo.

1. OBXECTIVOS:

- ◆ Organizar e proporcionar os apoios necesarios ao ACNEAE, tentando satisfacer ao máximo posible as demandas dos titores/as.
- ◆ Favorecer o desenvolvemento equilibrado do individuo intentando formar ao noso alumnado integralmente como persoas educadas nos valores fundamentais a través de actividades globais e outras específicas desenvoltas a través do proxecto interdisciplinar **“Descubriendo a Galicia máxica, literaria, gastronómica e festiva”**.
- ◆ Fomentar a maior participación posible do ACNEE nas actividades do seu grupo, tentando acadar a maior integración posible, especialmente nos casos do alumnado con problemas de conducta.
- ◆ Diseñar as estratexias necesarias para que o ACNEE. poida acceder ao currículo ordinario que lles corresponde pola súa idade, sempre que sexa posible.
- ◆ Aumentar a dotación de recursos e materiais da aula de apoio e o uso das TIC .
- ◆ Propoñer a posta en práctica de dinámicas de traballo que favorezan a inclusión do ANEAE.

*** ADAPTACIÓN Á NOVA SITUACIÓN QUE ESTAMOS A VIVIR DEBIDO Á PANDEMIA, MODIFICANDO A METODOLOXÍA, MEDIOS E RECURSOS, AS ACTIVIDADES, E OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Dada as características do alumnado obxecto de atención da PT (dislexias, dificultades de aprendizaxe, discalculias, TDA con ou sin hiperactividade, TEA, TGD...) e as necesidades vinculadas a estas problemáticas, temos que prantexar algúns **obxectivos específicos**:

- ◆ Favorecer o pleno desenvolvemento do alumno no ámbito persoal, afectivo e social.
- ◆ Desenvolver as habilidades comunicativas.
- ◆ Lograr a adquisición das destrezas cognitivas básicas e das aprendizaxes instrumentais básicas.
- ◆ Desenrolar comportamentos adaptados (eliminación de condutas disruptivas e agresións).
- ◆ Permanecer un tempo continuado na tarefa sin interrupción.
- ◆ Planificar o traballo mediante autoinstrucións.
- ◆ Adquirir estratexias que axuden a diminuír as características propias da súa problemática (escritura en espello, dificultade na comprensión de problemas matemáticos, aumentar a atención na resolución de exercicios, facer escritos propios sen erros ortográficos, diminuír comportamentos disruptivos,..).
- ◆ Asesorar na metodoloxía, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxes avaliáveis do alumnado con ACI.
- ◆ Adestrar aspectos relacionados coa lecto-escritura (grafomotricidade, comprensión, velocidade e fluidez lectora, redución do silabeo,...) e as matemáticas (operacións básicas, resolución de problemas, asociación da cantidade a grafía,..)

2. CONTIDOS:

Procuraremos que o alumnado aprenda a aprender participando na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo.

Para esta labor organizarei os contidos do currículo de EP, regulada polo RD 126 / 2014, do 28 de febreiro e o D.105 /2014 do 4 de setembro, en torno actividades específicas e adaptadas individualmente ao alumnado; xirando estas actividades en torno a algúns ámbitos de actuación do Proxecto educativo expostos na PXA do noso centro:

- Desenvolvemento persoal do alumnado.
- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Igualdade de mulleres e homes.
- Apoio ao proceso de integración do alumnado procedente do estranxeiro.
- Coordinación docente.
- Asesoramento ás familias.
- Fomento e defensa da lingua galega.

- Fomento da lectura.
- Relación con outras institucións.

3. ACTUACIÓN A DESENVOLVER:

En relación co alumnado:

- Identificación das distintas necesidades educativas especiais do alumnado que precisa apoio.
- Avaliación das competencias curriculares do alumnado que precisa apoio.
- Adaptación de materiais, contidos ou experiencias que sexan necesarias.
- Elaboración e implementación de programas de reforzo e apoio.
- Elaboración de materiais didácticos personalizados.
- Creación na aula de apoio de espazos e situacións de aprendizaxe motivadoras e axeitadas ás carencias do alumnado.

En relación co profesorado titor de ACNEAE:

- Coordinación cos titores na atención as necesidades do alumnado, seguimento e avaliación das mesmas.
- Orientación ao profesorado que imparte docencia ao alumnado con NEAE.
- Elaboración de material curricular adaptado.
- Incorporación das TICs á atención a diversidade.
- Construción e/ou adaptación de instrumentos, procedementos e medios didácticos.
- Colaborar cos titores na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.

En relación co Departamento de Orientación:

- Colaboración no deseño e programación de intervencións educativas.
- Coordinación de horarios.
- Reunións de coordinación na atención ao alumando con NEAE.

ACCIÓNS do DO	Inf	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Avaliación inicial (identificación das NEAE) e avaliación psicopedagóxica.	X	X	X	X	X	X	X
Observacións do progreso do alumnado e recollida de información.	X	X	X	X	X	X	X
Toma de decisión das medidas de intervención.	X	X	X	X	X	X	X
Intervención directa co ACNEAE.	X	X	X	X	X	X	X
Uso distintas técnicas e procedementos de aprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X
Apoio dentro do grupo-clase.	X	X	X	X	X	X	X
Revisar e valorar o informe psicopedagóxico. Avaliar as medidas de intervención.	X	X	X	X	X	X	X
Reunións cos titores, e DO para valorar a estratexia do apoio.	X	X	X	X	X	X	X
Realizar a avaliación do alumnado, do funcionamento do grupo-clase e do procesos de ensino-aprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X
Facilitar a información sobre o alumno ao resto do profesorado que imparte clases a algún ACNEAE.	X	X	X	X	X	X	X
Coordinar o proceso avaliador, asesorando a promoción de curso	X	X	X	X	X	X	X
Participar nas tarefas orientadoras.	X	X	X	X	X	X	X
Intercambiar información coas familias e informar sobre as NEAE do alumnado e do seu desenvolvemento no proceso educativo e psicolóxico.	X	X	X	X	X	X	X
Facilitar a coordinación e colaboración entre o profesorado, as familias e servizos externos.	X	X	X	X	X	X	X

4. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Principios básicos:

- ◆ As demandas de apoio partirán das titorías que correspondan, ou nalgúns casos que solicite a familia a intervención do DO.
- ◆ Os titores demandarán a oportuna avaliación psicopedagóxica ao Departamento de Orientación mediante as follas de derivación.
- ◆ Cando exista un informe psicopedagóxico actualizado, exterior ao centro, demandando atención individualizada, valorarase a pertinencia do apoio polo equipo docente e o DO.

- ◆ A orientadora xunto co Xefe de estudos coordinará o horario do profesorado de apoio.
- ◆ A finais de cada trimestre avaliaranse os resultados acadados nos apoios podéndose realizar cambios nos horarios de atención ao alumnado.
- ◆ A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- ◆ Sempre que un alumno reciba apoio específico de PT ou AL a orientadora a través dos/as titores/as informarán previamente á familia quen deberá asinar a notificación do mesmo
- ◆ En caso de que a familia considere que o alumnado non debe recibir apoio no centro por parte dos especialistas de PT ou AL deberán asinar un documento de rexeitamento do mesmo.

Criterios prioritarios á hora de dar resposta ás demandas de apoio respectará a continuidade de apoio do alumnado co curso anterior e dividirase a atención do ACNEAE entre o profesorado de apoio e o profesorado que dispoña de horas libres existente no centro.

5. MODALIDADES DE APOIO:

Principios básicos:

- O ACNEAE recibirá, preferentemente, atención docente directa por parte do profesorado do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso, do profesor de apoio na súa propia aula.
- Excepcionalmente, e en función das NEAE dos alumnos e das adaptacións curriculares establecidas faranse intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

***O ALUMNADO ACNEAE e NEAE DURANTE O 3º TRIMESTRE RECIBIRÁ ATENCIÓN POR PARTE DO PROFESORADO SEGÚN AS SÚAS MATERIAS E APOIO DA PROFESORA DE PT DUN XEITO MÁIS INDIVIDUALIZADO A TRAVÉS DE CHAMADAS TELEFÓNICAS, CORREO ELECTRÓNICO, VIDEOCHAMADAS WEBEX E A PÁXINA WEB DO CENTRO AO LONGO DA SEMANA.**

Tipos de apoio:

- Apoio na aula ordinaria, o profesorado de apoio ponse a disposición do titor e do grupo de alumnos e alumnas, para poñer en práctica estratexias de atención á diversidade.
- Atención individualizada na aula de apoio a de forma individual e diferenciado.
- Atención en pequenos grupos na aula de apoio: grupos de dous ou tres alumnos/as cunhas necesidades comúns. Os criterios para agrupar ao alumnado son:
 - que haxa coincidencia de NEAE.
 - pertencer a un mesmo curso de primaria.
 - que o agrupamento non dificulte a atención individualizada.

DURANTE O 3º TRIMESTRE:

1) ATENCIÓN AO ALUMNADO DE ED. INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA: COLGAREI AS ACTIVIDADES A TRABALLAR NAS SESIÓNS NA PÁXINA WEB DO COLEXIO. EN CONCRETO CO ALUMNO QUE TRABALLO EN ED. INFANTIL TEÑO CONTACTO PERMANENTE CON ÉL A SÚA FAMILIA A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO SEMPRE QUE É PRECISO E UNHA VIDEOCHAMADA TODOS OS LUNS A PARTIR DAS 15:30H CUNHA DURACIÓN APROXIMADA DUNHA HORA.

2) ATENCIÓN AO ALUMNADO DO 2º ED. PRIMARIA: CONECTAMOS EN PEQUENO GRUPO A TRAVÉS DA WEBEX, AS PRIMEIRAS DÚAS SEMANAS ESTIVEMOS FACENDO SESIÓNS DIARIAS CUNHA DURACIÓN DE UNHA HORA, SEGUINDO AS SESIÓNS COLGADAS NA PÁXINA WEB, ASÍ COMO CORREO ELECTRÓNICO CANDO ERA PRECISO. POR CAUSAS DE ORGANIZACIÓN DOS APOIOS AGORA ESTAMOS FACENDO TRES SESIÓNS SEMANAIS NOS DÍAS IMPARES, PERO AUMENTAMOS O HORARIO FACÉNDOAS DE UNHA HORA E MEDIA. CO ALUMNADO QUE NON SE CONECTA POR DIFERENTES MOTIVOS ESTAMOS EN CONTACTO CO CORREO ELECTRÓNICO E TEÑEN AS ACTIVIDADES COLGADAS NA PÁXINA WEB DO CENTRO.

3) A ATENCIÓN AO ALUMNADO DE 5ºED. PRIMARIA FACÉMOLA TANTO CO ALUMNADO COMO COAS FAMILIAS A TRAVÉS DE CHAMADAS TELEFÓNICAS, CORREO ELECTRÓNICO E VIDEOCHAMADAS NA WEBEX DÚAS VECES Á SEMANA CUNHA DURACIÓN DE HORA E MEDIA OU HORA E TRES CUARTOS DEPENDENDO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS. EN COLABORACIÓN COA TITORA AXÚDOLLES TAMÉN COAS TAREFAS QUE LLE PON DAS DISTINTAS MATERIAS.

4) ATENCIÓN AO ALUMNADO DE 6ºED. PRIMARIA: TEMOS CONEXIÓN A TRAVÉS DE CHAMADAS TELEFÓNICAS, CORREO ELECTRÓNICO CO ALUMNADO E COAS FAMILIAS, ASÍ COMO CONEXIÓNS DIARIAS A TRAVÉS DE WEBEX DE HORA E CUARTO EN COLABORACIÓN COA TITORA AXUDÁNLLES COAS TAREFAS QUE LLE ENVÍA SOBRE AS DISTINTAS MATERIAS.

* EN TODOS OS CASOS, ATENDO ÁS FAMILIAS TRATANDO DE DAR INFORMACIÓN E CONSELLO NOS TEMAS QUE LLES PREOCUPAN.

* SE ALGÚN ALUMNO OU ALUMNA, OU AS SÚA FAMILIAS TEÑEN DIFICULTADES PARA CONECTARSE ALGÚN DÍA, FACEMOS TODO O POSIBLE PARA ADAPTAR O NOSO HORARIO, E ATENDER NA MEDIDA DAS MIÑAS POSIBILIDADES TODAS AS NECESIDADES, POLO QUE AS VECES REALÍZANSE AS CONEXIÓNS POLAS TARDES DE XEITO INDIVIDUALIZADO.

6. METODOLOXÍA:

Empregaremos distintas estratexias para atender á diversidade do alumnado, adaptando tamén a metodoloxía en función das características dos alumnos e alumnas.

Tentamos prever distintas situacións de aprendizaxe para poder acadar os obxectivos previstos, reformulando tarefas e estratexias sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, demostracións e exemplos que nos permitan chegar ao máximo grao posible de axuste entre as características do alumnado e a natureza das actividades de aprendizaxe.

A organización permítenos que o alumnado progrese ao seu propio ritmo, realizando tarefas con distintos niveis de dificultade e axustadas as súas necesidades.

Aínda que os obxectivos de aprendizaxe son os mesmos para todos, as axudas para conseguilos son diferentes e diferenciadas. Contemplaremos, pois, axudas a partir de:

- ✓ Niveis diferentes nas tarefas a realizar sobre un mesmo tema despois de que o/a mestre/a faga unha introdución común, para uns poderán ser tarefas novas, para outros de consolidación e mesmo de ampliación.
- ✓ Métodos diferentes ós empregados para o gran grupo, que aplicamos a pequenos grupos ou individualmente na aprendizaxe dalgún tema.
- ✓ Uso de materiais distintos, manipulativos e recursos informáticos, na presentación do traballo para que todo o alumnado poida implicarse segundo as súas posibilidades e ou dominio que teñan das distintas formas de expresión.
- ✓ Adecuar a linguaxe ao nivel comprensivo do alumnado.
- ✓ Distintas formas de agrupamento que facilitan as interaccións entre compañeiros.
- ✓ Procuraremos coñecer e analizar a forma de actuar dos alumnos/as para adecuar a acción educativa as súas necesidades coa finalidade de que consoliden significativa e funcionalmente as súas aprendizaxes.

PROGRAMACIÓN: AULA DE APOIO *CEIP FONTES-BAÍÑA* *Curso 2019/20*

En determinados casos colaborarei na elaboración, seguimento e avaliación das AC e complementaremos os criterios metodolóxicos expostos anteriormente con algúns específicos adaptados á problemática do alumnado (TEA, dislexia, discalculia, TDAH, dificultades de aprendizaxe...) previamente asesorada polo orientador:

Utilizar un método estruturado de lectura, empregar textos axeitados a súa competencia lectora e motivadores, aplicación de programas específicos, reeducación da fluidez e velocidade lectora, emprego estratexias para o aprendizaxe atencionais (concentración inmediata, autoinstrucións, técnicas de modificación de conduta, evitar a realización de tarefas rutinarias, introdución da verbalización na realización de actividades,.....

NO 3º TRIMESTRE:

CO ALUMNADO DE INFANTIL PROCURO QUE SEXAN ACTIVIDADES LÚDICAS E MANIPULATIVAS QUE POIDAN FACER COA SÚA FAMILIA, ENVIÁNDOLLE OS VIDEOS A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO E CON VIDEOCHAMADA DUN XEITO MÁIS INDIVIDUALIZADO.

NO CASO DO ALUMNADO DE 2º ED. PRIMARIA PARTIMOS DUN VIDEO INTRODUCTORIO DO TEMA , PARA REALIZAR DESPOIS UNHA SERIE DE ACTIVIDADES RELACIONADAS CO QUE ESTIVERON VENDO. A TRAVÉS DE WEBEX CONECTÁMONOS EN PEQUENO GRUPO, COMPARTO OS VIDEOS E FACEMOS AS ACTIVIDADES CONXUNTAMENTE, COA COLABORACIÓN FAMILIAR. OS QUE NON SE CONECTAN SEGUEN AS SESIÓNS POLA PÁXINA WEB DO COLEXIO.

CO ALUMNADO DE QUINTO FAGO REFORZO EDUCATIVO DAS MATERIAS EN COLABORACIÓN COA TITORA, EMPREGANDO OS MATERIAIS QUE ELA LLES ENVÍA, ASÍ COMO OTRAS ACTIVIDADES MÁIS LÚDICAS. FACEMOS AS SESIÓNS EN PEQUENO GRUPO A TRAVÉS DE WEBEX E COMPARTO AS ACTIVIDADES NA PANTALLA E TRABALLAMOS SOBRE ELAS.

CO ALUMNADO DE SEXTO FAGO REFORZO EDUCATIVO DAS MATERIAS EN COLABORACIÓN COA TITORIA, EMPREGANDO OS MATERIAIS QUE ELA LLES ENVÍA. FACEMOS AS SESIÓNS EN PEQUENO GRUPO A TRAVÉS DE WEBEX, COMPARTIMOS OS DOCUMENTOS E FACEMOS AS ACTIVIDADES CONXUNTAMENTE.

7. ACTIVIDADES TIPO:

Algunhas das actividades tipo que desenvolverei na aula de apoio son:

- Lecturas de columnas de palabras (vertical e horizontal).
- Xogo de localización rápida de palabras nun texto.
- Copia de enunciados, frases, párrafos, adiviñas... sen erros.
- Formar palabras e frases cos grupos silábicos cos que teñen dificultade.

PROGRAMACIÓN: AULA DE APOIO *CEIP FONTES-BAÍÑA* *Curso 2019/20*

- Ordenar lóxicamente unha secuencia de frases.
- Extraer a idea principal dun texto.
- Tomar conciencia dos erros ortográficos, corrixir e formar frases con elas.
- Traballar a expresión escrita: ordenando palabras para escribir unha oración, redacción sobre textos significativos para o alumno,...
- Aplicacións das autoinstrucións nas tarefas cognitivas.
- Identificar os datos relevantes para a resolución dun problema matemático.
- Empregar material manipulativo para resolución de operacións básicas.
- Realizar series atendendo a diferentes criterios (cor, forma, cantidade,...)
- Identificar cal é a operación necesaria para resolver un determinado problema.
- Realizar as actividades específicas para reforzar os diferentes contidos traballados na área de matemáticas.

DURANTE O 3º TRIMESTRE:

EN XERAL, CO ALUMNADO DE ED. INFANTIL E 2º ED. PRIMARIA FAGO ACTIVIDADES LÚDICAS RELACIONADAS COAS HABILIDADES SOCIAIS, AUTOESTIMA, EMOCIÓN, RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS, AUTOCONCEPTO, AUTOCONTROL, E ACTIVIDADES NAS QUE SE TRABALLE A MOTRICIDADE FINA E GROSA, ASÍ COMO O RITMO E A ORIENTACIÓN ESPACIAL. FACEMOS FINCAPÉ NA EXPRESIÓN E COMPRESIÓN ORAL, NA MEMORIA E O DESCUBRIMENTO DAS SÚAS CAPACIDADES.

APROVEITAMOS TAMÉN PARA QUE INTEACTÚEN NAS SESIÓN O ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS QUE PARTICIPAN COLABORANDO NAS ACTIVIDADES CREÁNDOSE UN AMBIENTE DE COMPLICIDADE E FAMILIARIDADE.

CO ALUMNADO DE 5º ED. PRIMARIA REALIZAMOS ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS MATERIAS MÁIS ENFOCADAS AS INSTRUMENTAIS, LINGUAS E MATEMÁTICAS.

CO ALUMNADO DE 6º ED. PRIMARIA REALIZAMOS ACTIVIDADES NAS QUE SE POÑEN A PROBA AS SÚAS COMPETENCIAS RELACIONADAS COAS DISTINTAS MATERIAS DO CURRÍCULO.

8. AVALIACIÓN:

Avaliación inicial:

- Cando se trate de ACNEE asociadas á discapacidade ou trastornos de conduta, tomarase coma referencia as ACIs.
- Cando se trate de alumnado que presenta algún trastorno non asociadas a discapacidade ou dificultades de aprendizaxe, ao comenzo das distintas intervencións farase unha avaliación das competencias curriculares adquiridas.

Avaliación formativa ou continua:

- Ao longo do proceso de aprendizaxe avaliaranse as dificultades atopadas polo alumnado valorando a necesidade de cambiar de estratexias cando sexa necesario.
- Ao estar executando medidas de apoio e reforzo é moi importante avaliar non so ao alumnado senon tamén a efectividade das intervencións realizadas.
- A observación e o seguimento puntual e individualizado das aprendizaxes contribuirá ao logro do éxito.
- Ao remate de cada trimestre farase unha avaliación das intervencións realizadas e se valorará a pertinencia de continuar ou modificar os apoios ou reforzos educativos prestados.
- Empregaremos certos indicadores de progreso:
 - ✓ Se o alumno rexeita ou non a actividade.
 - ✓ Se o alumno participa en xogos ou actividades.
 - ✓ Redución de comportamentos inadecuados.
 - ✓ Actitudes positivas cara a persoas e situacións.
 - ✓ Manifesta agrado ou desagrado, sinais fisiolóxicas de benestar.
 - ✓ Constatación de diminución de axudas.

NESTE 3º TRIMESTRE TENDO EN CONTA A NOVA SITUACIÓN, CENTRAREMOS A NOSA ATENCIÓN NOS PROGRESOS ACADADOS NO 1º E 2º TRIMESTRE, E XUNTO COAS FAMILIAS FAREMOS UN SEGUIMIENTO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS AO LONGO DESTE TRIMESTRE CENTRÁNDONOS NA PARTICIPACIÓN, A COLABORACIÓN E O INTERESE POR FACER COUSAS NOVAS.

Criterios de avaliación.

- Utilizar a lingua oral do modo máis convinte para unha comunicación positiva.
- Comprender mensaxes orais diversas.
- Amosar interese polos textos escritos, iniciándose no seu uso.
- Participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos e relatos.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

Avaliación Final:

- Ao remate de curso farase unha avaliación individual do alumnado que recibiu apoio e elaborárase un informe no que se fará constar o grao de consecución dos obxectivos previstos, os contidos traballados e mencionaranse algunhas orientacións educativas.
- Ao final de curso farase unha avaliación global do funcionamento da aula de apoio, grao de consecución dos obxectivos, dificultades atopadas, novas necesidades educativas aparecidas, propostas de mellora... que se incorporará a memoria xeral anual do centro.

NO TERCEIRO TRIMESTRE FAREMOS UNHA AVALIACIÓN GLOBAL TENDO EN CONTA AS APRENDIZAXES ADQUIRIDAS E SOBRE TODO A CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN AOS DISTINTOS MEDIOS E A COLABORACIÓN TANTO DO ALUMNADO COMO DAS SÚAS FAMILIAS.

9. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO CON NECESIDADES DE APOIO.

A falta de realizar as oportunas avaliacións do alumnado novo, segundo o traballo realizado nos últimos cursos, entre o alumnado que recibe apoio destacan ás seguintes problemáticas:

- TXD
- TDA-H
- Retraso madurativo
- Dificultades de aprendizaxe.
- Problemas de conduta.

- Dislexia.

Relación de apoios para o primeiro trimestre:

Nivel/Curso	Nº de alumnos	Sesins Semanais	Modalidade de apoio
6º Ed. Infantil	1	5	Apoio individualizado
2º Ed. Primaria * Modificacin posterior	3 5	5 3/2	Apoio en pequeno grupo
5º Ed. primaria	2	5	Atencin en pequeno grupo.
6º Ed. primaria	2	5	Atencin en pequeno grupo.
6º Ed. primaria	2	3	Atencin en pequeno grupo.

Son atendidos polo mestre de P.T. un total de 12 alumnos e alumnas. Deles un total de 2 alumnos contan con ACIs, e o resto teñen un plan de reforzo ou recuperacin debida s sas dificultades de aprendizaxe derivadas da caractersticas especiais mencionadas anteriormente.

En Fontes a 15 de setembro de 2019.

Mª Lourdes Fdez Ruiz.

MODIFICACIN EN ABRIL DE 2020
MARÍA LOURDES FERNÁNDEZ RUIZ
Especialista en Pedagogía Teraputica.